

# Bonos Talento Empresa

## para proxectos formativos de curta duración

TR302D

cofinanciados nun 60% polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+)

Bonos destinados á proxectos de **formación non formal** mediante a realización de accións formativas **de curta duración** (entre 16 e 100 horas) que teñan como obxectivo **mellorar as capacidades** das empresas e **contribuír ao desenvolvemento profesional** dos seus cadros de persoal **dos centros de traballo en Galicia**, onde se deberán desenvolver as actividades subvencionadas.

Prazo límite de solicitude  
**16 de setembro de 2024** ou ata esgotar orzamento  
**Concurrencia non competitiva**



### Entidades beneficiarias

- Microempresas, pequenas e medianas empresas (PEMES) e grandes empresas validamente constituídas e con actividade ininterrompida, cando menos, dende **tres anos antes** da data de publicación da convocatoria desta axuda.
- Persoas traballadoras autónomas que teñan contratadas ao seu cargo a persoas traballadoras por conta allea, inscritas no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou no Réxime Especial de Traballadores do Mar por conta propia, cunha antigüidade como cotizante **igual ou superior a tres anos ininterrompidos** inmediatamente anteriores á data de publicación da convocatoria desta axuda.



### Contía da subvención

- Atendendo á tipoloxía da actividade subvencionable a **contía da subvención** determinarase e cuantificarase a través de **módulos**, resultado da suma de:
  - **16,70 €/hora de formación** polo nº de persoas asalariadas da entidade beneficiaria que realicen a acción formativa.
  - **17,93 €/hora de formación para cubrir o salario aboado** ás persoas asalariadas polo número de persoas asalariadas da entidade solicitante que participen na acción.
- O **gasto máximo subvencionable** será a suma dos **gastos máximos subvencionables** das accións formativas que o comprenden.
- A **intensidade máxima** da axuda estará limitada ao **70% dos custos subvencionables** para as micro e pequenas empresas, ao **60%** para as medianas empresas e o **50%** para as grandes empresas.

Ata **25.000€** de subvención máxima

#### Exemplo explicativo

	Acción 1	Acción 2	Acción 3	Total proxecto
↳ Horas da acción formativa:	20	60	100	
↳ Persoas asalariadas participantes:	7	10	5	
↳ Gasto máximo subvencionable:	4.848,20€	20.778,00€	17.315,00€	42.941,20€
	Intensidade máxima axuda (70%):			<b>30.058,84€</b>
	Contía da subvención:			<b>25.000,00€</b>





## Accións formativas subvencionables


- As accións formativas deben ser en **modalidade presencial**, podendo impartirse mediante **aula virtual** a través do **Campus Virtual de Formación para o Emprego**, e orientarse á adquisición de competencias nos ámbitos de capacitación detectados como prioritarios no marco da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego:
- **Competencias dixitais**, dende a dixitalización básica, ata a adquisición de competencias e coñecementos técnicos avanzados e a adquisición de coñecementos de tecnoloxías innovadoras ou disruptivas, etc.
  - **Competencias en procesos industriais** na manipulación de maquinaria especializada, coñecementos e técnicas da construción, técnicas de soldadura, instalación de compoñentes, deseño ou interpretación de documentación ou diagramas técnicos, etc.
  - **Competencias vinculadas á xestión empresarial**, xestión de persoas e equipos (RR.HH. e xestión do talento, xestión de proxectos, etc.), xestión eficiente dos recursos, toma de decisións, planificación estratéxica ou a realización de tarefas administrativas, financeiras e contables, etc.
  - **Competencias de prestación de servizos a clientes**, tanto vinculadas a promocionar, vender e comprar produtos ou servizos como relativas á atención ao cliente (orientación e asesoramento, satisfacción do cliente, asistencia postventa, xestión de reclamacións, etc.) e á atención telefónica.
  - **Competencias do ámbito asistencial**, na prestación de coidados (asistencia a persoas enfermas, con problemas de mobilidade e a maiores, entre outros), técnicas e coñecementos sanitarios, de diagnóstico ou de medicina preventiva ou de benestar entre outros.
- As accións solicitadas **non deben atoparse incluídas na oferta de formación** recollida no Catálogo de Especialidades Formativas do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), **que se pode consultar a través do QR**.
- O proxecto formativo estará integrado por un **máximo de tres accións formativas**, presentando un anexo II por cada unha delas, **detallando entre outros**: obxectivos, contidos, duración, perfil das persoas participantes e das docentes, calendario, probas de coñecementos e criterios de valoración.

Acceso Orde



Pulsa  
para acceder

Acceso catálogo



Pulsa  
para acceder

	Accións a desenvolver <b>só no 2024</b>	Accións a desenvolver <b>no 2024 e 2025 ou só no 2025</b>
<b>Prazos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Deberanse realizar entre o día seguinte da publicación desta axuda e <b>o 15 de novembro de 2024</b>.</li> <li>● Deberase presentar a xustificación antes <b>do 30 de novembro de 2024</b>.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Poderanse realizar <b>desde o 16 de novembro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025</b>.</li> <li>● Deberase presentar a xustificación antes <b>do 15 de outubro de 2025</b>.</li> </ul>



## Documentación complementaria

- Ademais dos anexos a cubrir a través da propia tramitación da sede electrónica, as entidades solicitantes deberán **achegar a seguinte documentación coa solicitude da axuda**:
- Cando se actúa mediante representación, documento público acreditativo do **poder de representación** da entidade solicitante (escrituras, poder bastanteado, ...).
  - **Documentación xustificativa da constitución da empresa**, segundo corresponda, mediante:
    - **Nota simple ou certificación actualizada** do Rexistro Mercantil na que se especifique a data de constitución, o obxecto social, sede social e clasificación CNAE, no caso de entidades inscritas no Rexistro Mercantil ou calquera outro rexistro público.
    - **Documento acreditativo da constitución**, indicando expresamente a data da mesma, se a empresa non está obrigada a inscribirse no Rexistro Mercantil ou noutro rexistro público ou non ten o domicilio social en Galicia.
    - **Informe de vida laboral actualizado** no caso de persoas traballadoras autónomas.
  - **Declaración completa do último exercicio fiscal pechado** mediante a presentación, segundo aplique:
    - do imposto de sociedades (mod. 200),
    - do imposto sobre a renda das persoas físicas (mod. 100) ou
    - da declaración informativa (mod. 184), segundo corresponda.
  - **Informe de traballadores/as en alta (ITA)** emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social á data de solicitude da axuda.
  - **Informe do cadro de persoal medio anual** do último exercicio fiscal pechado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.